Circular Febreiro 2018

2018-02-19

DECLARACION DE OPERACIONS DE MÁIS DE 3.000 € EXERCICIO 2.017:

Durante o mes de febrero hai que facer a declaración de operacións que superaron os 3.000 euros durante o 2.017. É conveniente que esta declaración sexa coincidente entre os proveedores e clientes, e, polo tanto si queren contrastar algunha operación ou si reciben cartas informativas sobre estas operacións de clientes ou proveedores acheguennolas para telas en conta.

REALIZACIÓN DE INVENTARIO POR PARTE DAS EMPRESAS:

Como xa é coñecido, con efectos do 31 de decembro, as empresas deben de realizar un INVENTARIO das existencias a prezo de coste que teñan no seu almacén e do valor das obras e servizos que teñan realizadas e que están pendentes de facturación. Estes inventarios deben de remiti-los as nosas oficinas durante o mes de xaneiro, quedando a vosa disposición para calqueira aclaración.

SUBVENCIONS: AUTONOMOS, TURISMO E OUTRAS:

Durante estos últimos días de xaneiro estanse a publicar no DOGA varias subvencións e axudas da Xunta. Entre elas destacamos as seguintes:

1.- SUBVENCIONS DE AUTONOMOS:

• Ser demandante de emprego.
• Periodo subvencionable: as altas na S.Social que se formalicen dende o 01/10/2017 ata o 30/09/2018.
• Cuantía: de 2.000 a 4.000 euros dependendo do colectivo o que se pertenza.

2.- SUBVENCIONS CONTRATACION:
Axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas:
1.- Persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais pola primera contratación que realicen con carácter indefinido durante o seu primeiro ano de actividade.
2.- Persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais pola segunda e terceira contratación que realicen con carácter indefinido durante os tres primeiros anos de actividade.

3.-SUBVENCIONS PARA MELLORA DE INFRAESTRUCTUAS TURISTICAS:
Subvencións para bens de equipamentos con instalacións fixas ata un investimento de 100.000 euros, sendo o importe máximo subvencionable o 35%.

Para maior información contactar con Nós.